



## UNHA PONTE CON MOITO FÚTBOL

Comeza o último mes de 2013 para os equipos do Numancia de Ares. Os numantinos loitarán neste mes de decembro por conseguir vitorias e chegar o parón de Nadal con tranquilidade e ledicia. Analizamos a primeira xornada de decembro:

**MODESTOS:** Visitan na 11ª xornada de Liga a un CD Cariño que vai de menos a mais esta temporada. Viaxe complicado pola distancia e pola entidade do rival para o noso primeiro equipo. De seguro, haberá algúns compoñentes da Marea Vermella que este domingo fagan unha excursión a Cariño para axudar ó Numancia a conseguir a vitoria. Será o domingo as 16:00 no Municipal de Cariño.

**XUVENÍS:** Visitan na 13ª xornada de Liga o campo de O Pote para medirse nun partido de rivalidade veciñal o Cultural Maniños. Os xuvenís numantinos buscarán a vitoria neste partido, logo dunhas xornadas malas en canto a resultados. Agardemos que o partido do sábado as 11:00 en O Pote sirva como punto de inflexión para os xuvenís.

**CADETES:** Comeza a Liga na categoría cadete. Enfróntanse na 1ª xornada os campións dos dous grupos de Copa; Numancia e Meirás. Sin dúbida unha final anticipada de Copa. Moitas ilusións ten postas a Marea Vermella nuns cadetes que xogarán en maio a final de Copa e aos que queremos ver loitando polo título de Liga ata as últimas xornadas. Paso a paso, faise camiño. ¡¡¡A por todas rapaces!!! Numancia - Meirás o sábado ás 16:00 en Prados Vello.

